

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	39
4.2. Materiais e recursos didácticos	40
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	41
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	47

1. Introducción

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 29 alumnos e alumnas. 4ºA ten a 15 alumnos dos cales 8 son nenos e 7 son nenas. En 4º B hai 14 alumnos dos cales 7 nenas e 7 nenos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Facemos amizades	Lectura, entoación e comprensión. Os poemas: estrofa, verso e rima. Recitado de poemas. Escribir pareados. Acentuación: palabras agudas. O dicionario: orde alfabética e búsqueda. Tipos de dicionario. A lingua. Comunicación: verbal, non verbal.	11	18	X		
2	A que xogamos?	Lectura, entoación e comprensión. Acentuación: palabras graves e esdrúxulas A oración, parágrafo e texto. Clases de oración Palabras polisémicas e homónimas. Dar e seguir instrucións: Redactar normas dun xogo	12	18	X		
3	Lendas de Nadal.	Lectura, entoación e comprensión. As lendas. Investigar sobre lendas e expoñer oralmente os resultados. Acentuación: ditongos e hiatos Grupo nominal Palabras sinónimas e antónimas	11	17	X		
4	Mensaxes segredas	Lectura, entoación e comprensión. Os substantivos e as súas clases. Palabras primitivas e derivadas. Anunciar un acontecemento. Elaborar un folleto, publicidade. Sons e letras.	12	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Quén cho contou?	Lectura, entoación e comprensión. Recomendar lecturas: expresamos gustos. Preparar enquisa sobre gustos lectores. Analizar os datos recollidos. Os prefixos. Os determinantes. Ortografía: uso do h.	11	14		X	
6	Os informativos	Lectura, entoación e comprensión. A entrevista: preguntar e responder. Escribir un artigo de opinión sobre un tema dado. O adxectivo e os seus graos. Ortografía: uso do b e do v. Os sufixos. Clases de sufixos	11	14		X	
7	Sabemos convivir.	Lectura, entoación e comprensión. Palabras simples e compostas. A partición de palabras e o uso do guión. Uso da coma e o punto e coma. O verbo: raíz e desinencias. O grupo verbal. Os textos teatrais. Interpretar un personaxe.	11	16			X
8	Eu son así!	Lectura, entoación e comprensión. Siglas e estranxerismos O verbo; persoa e número Uso dos dous puntos. A biografía. Escribir nun diario.	11	16			X
9	Todo é posible	Lectura, entoación e comprensión. O campo léxico. O uso dos puntos suspensivos. O verbo: tempo verbal (presente, pasado e futuro). O cómic, elementos que o conforman.	10	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Facemos amizades	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Usar estratexias de comprensión lectora.	PE	60
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información dunha variedade de fontes, incluídas fontes dixitais, citándoas axeitadamente.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le un poema e expresa se lle gustou ou non dando unha razón.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta e entoando ben un conto e responde preguntas de comprensión.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Identifica as palabras que riman nun poema.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Recoñece palabras agudas, graves e esdrúxulas. Acentúa correctamente palabras agudas, graves e esdrúxulas.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.	TI	40
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Observar no seu contorno e recoñecer na linguaxe algúns usos inadecuados e intentar evitar algúns prexuízos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respectar as diferenzas persoais.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita un texto e identifica as características fundamentais do que nel se describe.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Respectar as normas básicas en interaccións orais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Xestionar os conflitos de forma dialogada.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea dun poema escrito adecuado ao nivel.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua galega		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Identificar e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Obter información, seleccionando distintas fontes documentais e distintos soportes.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa na lectura colectiva dun poema.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Le con velocidade e entonsación axeitadas.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recita un poema.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Atopa palabras no dicionario. Separa correctamente en sílabas unha palabra dada.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Recoñece e emprega novo vocabulario presentado nos textos traballados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.

Contidos

- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
2	A que xogamos?	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le un texto, comprende o sentido global e responde a preguntas de comprensión	PE	60
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece palabras polisémicas e homónimas. Incorpora novo vocabulario		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elabora un texto sinxelo no que explica as normas dun xogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Diferencia tipos de oracións na produción de textos literarios sinxelos.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Diferencia oración, enunciado e parágrafo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e emprega novo vocabulario.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Identifica vocabulario discriminatorio nas conversas		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende e é capaz de seguir instrucións sinxelas.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Da instrucións ordenadas que leven á consecución dun obxectivo sinxelo.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Aporta ideas e respecta aos/ás compañeiros/as.	TI	40
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Valorar e comprender o sentido de distintos tipos de textos.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Respectar as normas básicas de funcionamento das bibliotecas da aula e do centro		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información dunha variedade de fontes, incluídas fontes dixitais, citándoas axeitadamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Ler textos de diversas fontes.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valorar os textos literarios sinxelos		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Usar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Lendas de Nadal.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le, comprende e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Investiga e atopa unha lenda da contorna. Explica resultados da investigación.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Recoñece palabras sinónimas e antónimas Identifica os ditongos e hiatos Recoñece un grupo nominal nun enunciado		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as.	TI	40
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Observar no seu ámbito e recoñecer na linguaxe algúns usos inadecuados e intentar evitar algúns prexuízos		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos seus compañeiros/as.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita unha lenda e identifica as características fundamentais do que nela se describe.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Narra de xeito claro e ordenado unha lenda da tradición do seu entorno.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Xestionar os conflitos de forma dialogada		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa características dos personaxe dunha obra.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Identificar e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar a información dunha variedade de fontes, incluídas fontes dixitais		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca obras adecuadas a investigación das lendas		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir experiencias con comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varias lendas expersando cal lle gusta máis		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Le con velocidade e entonación adecuadas.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta e entoando a súa investigación sobre as lendas		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita textos e relaciónaos coas ilustracións correspondentes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara a información obtida en formatos diferentes		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Procesos: interacción oral

Contidos

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.

Contidos

- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
4	Mensaxes segredas	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea principal dun texto sinxelo e responde a preguntas de comprensión sobre o mesmo.	PE	60
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Elaborar un folleto sinxelo, con informacións concretas e integrando recursos gráficos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Completa e relaciona imaxes e slogans con produtos publicitarios		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece palabras primitivas e derivadas		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os substantivos dentro dun texto. Clasifica os substantivos .		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Aumenta o vocabulario galego a través dos textos empregados.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identifica as linguas faladas no seu entorno		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Recoñece as ideas principais en textos orais sinxelos.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Amplia o seu vocabulario		
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Dado un produto publicitario, recolle os datos precisos. Produce un slogan de xeitos oral.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica linguaxe discriminatoria na publicidade	TI	40
